

## **CONVENIOS ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE - SERVIZO GALEGO DE SAÚDE- E VARIOS CONCELLOS DE GALICIA SOBRE ASUNCIÓN DOS CUSTOS DE MANTEMENTO DE CENTROS DE SAÚDE**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou cos consellos que se relacionan no anexo a esta memoria, instrumentos convencionais coa finalidade de asumir os custos de mantemento dos centros de saúde propiedade dos concellos. Os convenios entraron en vigor tras a súa sinatura e estarán vixentes ata que se formalicen en escritura pública as cesións ao Servizo Galego de Saúde dos centros de saúde; sen que en ningún momento o período de vixencia poda superar o límite de oito anos establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, incluída a súa prórroga.

Que os instrumentos convencionais teñen por obxecto:

Establecer as bases de cooperación entre os concellos asinantes e o Servizo Galego de Saúde para a cesión da propiedade dos centros de saúde dos que son titulares os concellos, ao Servizo Galego de Saúde e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos de mantemento destes centros.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

O Servizo Galego de Saúde comprométese á asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde a partir do momento en que se proceda á formalización da súa cesión patrimonial, de acordo co previsto nos convenios e no/s seu/s anexo/s.

Que os instrumentos convencionais asinados se fundamenta no seguinte:

Con data 20 de xaneiro de 2006, foi formalizado o Acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) polo que se establece o contido e desenvolvemento do pacto local que rexerá na Comunidade Autónoma de Galicia.

No dito acordo se recollen unha serie de actuacións entre as que se atopa a asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde, actualmente a cargo dos concellos.

O 29.12.2008, asinouse o *Protocolo entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias sobre asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde*. No dito protocolo se establece o procedemento a seguir para a cesión da propiedade dos centros de saúde ao Servizo Galego de Saúde.

O proceso de asunción será, en calquera caso, voluntario para os concellos e formalizarase a través dos convenios que se asinarán con cada un deles.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,





## ANEXO

| Prov. | Área       | Concello    | Centro          |
|-------|------------|-------------|-----------------|
| AC    | A Coruña   | Paderne     | CS de Paderne   |
| AC    | A Coruña   | Vimianzo    | CS de Vimianzo  |
| AC    | Santiago   | Dodro       | Cs de Lestrove  |
| AC    | Santiago   | Tordoia     | CS de Tordoia   |
| LU    | Lugo       | A Pastoriza | CS da Pastoriza |
| LU    | Lugo       | Baralla     | CS de Baralla   |
| LU    | Lugo       | Barreiros   | CS de Barreiros |
| LU    | Lugo       | O Vicedo    | CS do Vicedo    |
| LU    | Lugo       | Sober       | CS de Sober     |
| OU    | Ourense    | Cualedro    | CS Cualedro     |
| OU    | Ourense    | Porqueira   | CS de Porqueira |
| PO    | Pontevedra | Catoira     | CS de Catoira   |
| PO    | Pontevedra | Meis        | CS de Mosteiro  |
| PO    | Vigo       | Mos         | CS de Mos       |
| PO    | Vigo       | O Rosal     | CS do Rosal     |

